

MYKES

Boletín do Grupo Micológico Galego
“Luis Freire”

Volume 23
2020



GRUPO MICOLÓGICO GALEGO

MICROBIOTA DO CONCELLO DE VIGO (GALICIA) I

por

J. RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ¹, N.F. ANDRÉS-RODRÍGUEZ², O. REQUEJO³ &
M.L. CASTRO⁴

RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, J., ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N.F., REQUEJO, O. & CASTRO, M.L. 2020. Micobiota do concello de Vigo (Galicia) I. *Mykes*, 23: 99-120. + versión en liña

Resumo

Presentamos os resultados da investigación levada a cabo no concello de Vigo (Galicia) sobre os macrofungos (*Basidiomycotina*, *Ascomycotina*) atopados nesa área. Actualizamos os datos de distribución nun catálogo en liña. Nesta primeira contribución, tamén presentamos a distribución e localización de 87 especies de fungos recolleitos en zonas de dunas litorais do mesmo concello. A lista de especies macrofungi atopadas na extensa revisión bibliográfica da zona de Vigo ampliouse aínda máis coa adición dos taxons atopados no presente estudo.

Palabras clave: Macrofungi, *Basidiomycotina*, *Ascomycotina*, Vigo, duna.

RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, J., ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N.F., REQUEJO, O. & CASTRO, M.L. 2020. Mycobiota of the Vigo Country (Galicia) I.

¹ C.S.H.G. Axencia Turismo Galicia. Estrada Santiago-Noia, Km 3. E-15897, Santiago de Compostela; e-mail: jose.rodriguez.vazquez@xunta.gal

² Cánovas del Castillo 1, Vigo, E-36202, Pontevedra; e-mail: fandresr@galicia.com

³ San Xurxo, A Laxe 12B, Salceda de Caselas. E-36470, Pontevedra; e-mail: oscarequejo@hotmail.com

⁴ Facultade de Bioloxía. Universidade de Vigo. E-36310, Pontevedra; e-mail: lcastro@uvigo.es

Membros do Grupo Micolóxico Galego Luís Freire

Mykes, 23: 99-120. + online version

Summary

We present the results of mycological research carried out in the Vigo municipality in the autonomous community of Galicia (Spain). We provide a compilation of larger ascomycetes and larger basidiomycetes reported from this area. In this first contribution, we also present the distribution and location of 87 species of fungi collected in coastal sand dune areas. The checklist of macrofungi species found in the extensive bibliographic review of the Vigo area has been further expanded with the addition of the taxa found in the current study.

Key words: Macrofungi, *Basidiomycotina*, *Ascomycotina*, Vigo, dune.

INTRODUCCIÓN

Por unha banda, a finalidade do presente traballo é establecer e actualizar o catálogo da biodiversidade macrofúnxica (*Basidiomycotina*, *Ascomycotina*) do concello de Vigo (Pontevedra). E, por outra banda, engadir todolós datos obtidos a partir dos taxons atopados nas numerosas saídas levadas a cabo nos derradeiros anos polos membros do Grupo Micolóxico Galego Luís Freire nesa mesma área.

Nesta primeira entrega, preséntanse os taxons atopados nos ecosistemas sabulícolas litorais que posúe o concello de Vigo. Centrámonos principalmente no areal da praia de Samil e no complexo dunar da praia de Rodas e das dunas de Figueiras nas Illas Cíes (Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas). As peculiares características ecolóxicas destes ecosistemas condicionan a presenza e o desenvolvemento dunha micobiota singular (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ *et al.*, 2004; RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ *et* LAGO-ÁLVAREZ, 2008; BLANCO-DIOS, 2010, 2015, 2016) e fainas merecedoras de estudos específicos.

METODOLOXÍA

Para a información bibliográfica relativa a mencións fúngicas en Vigo tomáronse como punto de partida os estudos de biodiversidade micolóxica levados a cabo desde o Laboratorio de Micoloxía da Universidade de Vigo e que deron lugar a implementación dunha base de datos corolóxicos en liña, MICOGA (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ *et* CASTRO, 2018-20).

A consulta e a extracción dos datos relativos ó concello de Vigo fíxose a partir da revisión sistemática das referencias bibliográficas que presentasen citas na provincia de Pontevedra. Cos datos obtidos elaborouse un catálogo en liña que está dispoñible na páxina web do Grupo Micolóxico Galego (www.mykes.es).

Para facilitar a consulta, os taxons ordéanse de forma alfabética, primeiro polo xénero e, dentro del, polo epíteto específico e a continuación, para cada taxon, indícase as coleccións atopadas na revisión bibliográfica. Para a actualización dos *binomen*, e dos protólogos correspondentes, seguíronse os criterios propostos tanto por RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ *et* CASTRO (2018-20) como por INDEXFUNGORUM (2020).

CATÁLOGO DE ESPECIES

A continuación enuméranse os 87 taxons estudados e atopados nos areais vigueses. Seguíronse os mesmos criterios de ordeación e presentación dos datos que no catálogo en liña e engadíronse algúns breves comentarios sobre a súa ecoloxía e fenoloxía (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, 2015).

Agaricus benesii (Pilát) Singer, *Lilloa*, 22: 432. 1951 (1949)

Samil, 15-XI-1994, *J. Rodríguez* e *S. Padín*, LOU-Fungi 8388.

Especie saprotrófica húmicola, indiferente ao tipo de vexetación, colleitada baixo *Pinus pinaster*. Este material foi revisado por CASTRO *et al.* (2002).

Esta referencia é a única que se coñece para Galicia.

Agaricus bitorquis (Qué.) Sacc., *Syll. fung.*, 5: 998. 1887

Samil, 23-X-1994, *J. Rodríguez*, LOU-Fungi 7717; *ibidem*, 19-XI-1994, *J. Rodríguez*, LOU-Fungi 7590.

Especie saprotrófica húmicola, prácticola e terrícola, con preferencia por medios calcáreos e areosos, colleitada baixo *Pinus pinaster*. A *exsiccata* LOU-Fungi 7717 foi revisada por CASTRO *et al.* (2002).

Agaricus campestris L.: Fr., *Syst. mycol.*, 1: 281. 1821

Samil, 23-X-1994, *J. Rodríguez*, LOU-Fungi 8381.

Especie saprotrófica húmicola, prácticola, indiferente ao tipo de vexetación, colleitada baixo *Pinus pinaster pinaster* con bastante

herba no sotobosque. Este material foi revisado por CASTRO *et al.* (2002).

Agaricus devoniensis P.D.Orton, *Trans. Brit. Mycol. Soc.*, 43(2): 173. 1960

Samil, 12-X-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 8387.

Especie saprotrófica húmícolá, xa indicada por CAPPELLI (1984) como característica de sustrato areoso nas zonas litorais. Presente tanto en ecosistemas dunares del litoral atlántico como mediterráneo, é moito menos frecuente nos substratos arenosos do interior penínsular (RUBIO *et RUBIO*, 2012). Este material foi revisado por CASTRO *et al.* (2002).

Agaricus moelleri Wasser, *Novosti Sist. Vyssh. Nizsh. Rast.*, 13: 77. 1976

=*Agaricus praeclaresquamosus* A.E.Freeman, *Mycotaxon*, 8(1): 90. 1979

Samil, 12-X-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 8385.

Especie saprotrófica húmícolá, se desenvolve xeralmente baixo coníferas ou anxiospermas e tamén en parques (PARRA, 2013), colleitada baixo *Pinus pinaster*. Este material foi revisado por CASTRO *et al.* (2002).

Agaricus xanthodermus Genev., *Bull. Soc. Bot. France*, 23: 32. 1876

Samil, 5-X-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 8384; *ibidem*, 26-X-1997, J. Rodríguez, LOU-Fungi 17004.

Especie saprotrófica húmícolá. Indiferente ao tipo de vexetación, tamén en parques, colleitada baixo *Pinus pinaster*. O material LOU-Fungi 8384 foi revisado por PARRA (2003).

Amanita gemmata (Fr.) Bertill. in Dechambre, *Dict. Encycl. Sci. Médic.*, sér. 1, 3: 496. 1866

=*Amanita junquillea* Quél, *Bull. Soc. Bot. France*, 23(3): 324. 1877 (1876)

Samil, 5-III-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 6750; *ibidem*, 15-III-1994, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 6751; *ibidem*, 14-IV-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 6752; *ibidem*, 12-V-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 6753; *ibidem*, 12-X-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 7720; *ibidem*, 16-X-1994, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 7721; *ibidem*, 15-XI-1994, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 7722; *ibidem*, 3-XII-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 7873; *ibidem*, 26-XII-1995, J. Rodríguez, LOU-Fungi 8822; *ibidem*, 15-II-1997, M. Lago e D. Solís, LOU-Fungi 9207

Especie micorrícica, que aparece tanto baixo coníferas como anxiospermas.

Amanita mairei Foley, *Mém. Soc. Hist. Nat. Afrique N., hors sér.* 2: 117, pl. pl. 4, fig. 1. 1949

=*Amanita supravolvata* Lanne, *Doc. Mycol.*, 9(34): 24. 1979 (1978)

Samil, 11-IX-1994, S. Padín e J. Rodríguez, LOU-Fungi 7096; *ibidem*, 27-IX-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 7637; *ibidem*, 29-IX-1994, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 7638; *ibidem*, 5-X-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 7639; *ibidem*, 3-XII-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 7876; *ibidem*, 3-V-1996, J. Rodríguez e M. Castro, LOU-Fungi 8829

Especie micorrícica, indiferente ao tipo de vexetación, colleitada baixo *Pinus pinaster*.

Amanita muscaria (L.: Fr.) Lam., *Encycl.*, 1(1): 111. 1783

Samil, 16-X-1994, S. Padín e J. Rodríguez, LOU-Fungi 7635

Especie micorrícica, amplamente distribuída tanto baixo coníferas como baixo anxiospermas.

Amanita rubescens Pers.: Fr., *Syst. mycol.*, 1: 18. 1821

Samil, 5-X-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 8685.

Especie micorrícica, indiferente ao tipo de vexetación.

Arrhenia rickenii (Hora) Watling, *Notes Roy. Bot. Gard. Edinburgh*, 45(3): 553. 1988

≡*Leptoglossum rickenii* (Hora) Singer, *Agaricales mod. Taxon. ed.* 4: 269. 1986

Illas Cíes, praia de Rodas, 7-XII-2009, J. Rodríguez e J.B. Blanco-Dios, LOU-Fungi 16960.

Especie muscícola, probablemente fitoparásita necrotrófica, xa que se observa crescendo sobre briófitas necrosadas, colleitada sobre musgos do xénero *Tortula*.

Arrhenia spathulata (Fr.) Redhead, *Canad. J. Bot.*, 62(5): 876. 1984

=*Leptoglossum muscigenum* (Bull.: Fr.) P.Karst., *Bidr. Känn. Finl. Nat. Folk*, 32: 242. 1879

Illas Cíes, dunas de Figueiras, 30-I-1999, J. Rodríguez, LOU-Fungi 15590; Illas Cíes, praia de Rodas, 7-XII-2009, J. Rodríguez e J.B. Blanco-Dios, LOU-Fungi 16997.

Especie saprotrófica muscícola. colleitada sobre musgos do xénero *Tortula*, non parásita (SINGER, 1986).

Buchwaldoboletus lignicola (Kallenb.) Pilát, *Friesia*, 9(1-2): 217. 1969

Illas Cíes, dunas de Figueiras, 11-IX-1998, J. Rodríguez, LOU-Fungi 15475.

Especie saprotrófica lignícola, colleitada sobre un toco de *Pinus pinaster pinaster*.

En Galicia, tan só atopouse na provincia de Pontevedra (BLANCO-DIOS *et* TOMÉ, 2011).

Callistosporium luteoolivaceum (Berk. *et* M.A.Curtis) Singer, *Lloydia*, 9: 117. 1946

Samil, 19-XI-1994, *Grupo Erva*, LOU-Fungi 7752; *ibidem*, 26-XII-1995, J. Rodríguez, LOU-Fungi 8832.

Especie saprotrófica lignícola, colleitada sobre tocos e restos de madeira en descomposición de *Pinus pinaster*.

Calocera cornea (Batsch: Fr.) Fr., *Stirp. Agri. femsion.*, 5: 67. 1827

Illas Cíes, dunas de Figueiras, 11-IX-1998, J. Rodríguez, LOU-Fungi 20020.

Especie saprotrófica lignícola, colleitada sobre restos de cortiza de *Eucalyptus globulus*.

Calocera viscosa (Fr.: Fr.) Quél., *Fl. mycol. France*: 36. 1888

Samil, 15-XI-1994, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 7742.

Especie saprotrófica lignícola, frecuente sobre tocos e madeira en descomposición de *Pinus pinaster*.

Clavulina coralloides (L.: Fr.) J.Schröt. in Cohn, *Krypt.-Fl. Schlesien*, 3-1(4): 443. 1888

=*Clavulina cristata* (Holmsk.: Fr.) J.Schröt. in Cohn, *Krypt.-Fl. Schlesien*, 3-1(4): 443. 1888

Samil, 15-XI-1994, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 7748.

Especie saprotrófica húmicola en diversos tipos de bosques (CENZI *et* SENA, 2010), frecuente baixo coníferas.

Clitocybe metachroa (Fr.: Fr.) P.Kumm., *Führer Pilzk.*: 120. 1871

Samil, 15-XI-1994, *J. Rodríguez* e *S. Padín*, LOU-Fungi 7882; *ibidem*, 19-XI-1994, *J. Rodríguez*, LOU-Fungi 7884; *ibidem*, 3-XII-1994, *J. Rodríguez*, LOU-Fungi 7883.

Especie saprotrófica húmicola, frecuente baixo coníferas, recollida tanto entre restos de acículas como entre musgos do xénero *Tortula*.

Coltricia perennis (L.: Fr.) Murrill, *J. Mycol.*, 9(2): 91. 1903

Samil, 16-X-1994, *J. Rodríguez* e *S. Padín*, LOU-Fungi 7749.

Especie saprotrófica húmicola ou carbófila, indiferente ao tipo de vexetación, frutifica en lugares con pouca vexetación, a miúdo en chans areosos (TELLERÍA, 1980).

Coprinus comatus (O.F.Müll.: Fr.) Pers., *Tent. disp. meth. fung.*: 62. 1797

Samil, 16-X-1994, *J. Rodríguez* e *S. Padín*, LOU-Fungi 7629.

Especie saprotrófica húmicola, frecuente en pastos e prados, así como vertedoiros e zonas con escasa vexetación.

Cortinarius semisanguineus (Fr.: Fr.) Gillet, *Hyménomycètes*: 484. 1876

Samil, 15-XI-1994, *J. Rodríguez* e *S. Padín*, LOU-Fungi 7898.

Especie micorrícica, frecuente baixo coníferas.

Craterellus tubaeformis (Bull.: Fr.) Fr., *Syst. mycol.*, 1: 319. 1821

Samil, 5-III-1994, *J. Rodríguez*, LOU-Fungi 6790.

Especie micorrícica, indiferente ao tipo de vexetación.

Este material xa foi citado por RODRÍGUEZ-VAZQUEZ *et* CASTRO (2002).

Descolea maculata Bougher *in* Bougher *et* Malajczuk, *Austral. J. Bot.*, 33(6): 620. 1986 (1985)

Samil, 7-X-1994, *S. Padín* e *J. Rodríguez*, LOU-Fungi 8174.

Especie micorrícica, frecuente nos bosques de *Eucalyptus* en Australia e en Galicia, xeralmente está asociada a este tipo de árbores.

Entoloma pleopodium (Bull. ex DC.) Noordel., *Persoonia*, 12(4): 459. 1985

Samil, 23-X-1994, *J. Rodríguez*, LOU-Fungi 7628.

Trátase dunha especie saprotrófica húmicola, nitrófila, frecuentemente colleitada en xardíns e lugares que recibiron refugallos (NOORDELOOS, 1992). Colleitouse un exemplar illado, no bordo dun camiño.

Ganoderma applanatum (Pers.) Pat., *Bull. Soc. mycol. France*, 5: 67. 1889

Samil, 17-IX-1994, *J. Rodríguez*, LOU-Fungi 7913.

Especie fitoparásita necrotrófica, preferentemente de anxiospermas, aínda que neste caso foi colleitada sobre un toco de *Pinus pinaster*.

Ganoderma lucidum (Curtis: Fr.) P.Karst., *Rev. Mycol. (Toulouse)*, 3(9): 17. 1881

Samil, 15-XI-1994, *J. Rodríguez* e *S. Padín*, LOU-Fungi 7755.

Especie fitoparásita necrotrófica. Desenvólvese xeralmente sobre anxiospermas, principalmente *Quercus*, máis raramente coníferas, colleitada sobre tronco morto de *Pinus pinaster*.

Geopora arenicola (Lév.) Kers, *Svensk Bot. Tidskr.*, 68(3): 345. 1974

Illas Cíes, dunas de Figueiras, 30-I-1999, *J. Rodríguez*, LOU-Fungi 16632.

Especie saprotrófica húmicola e muscícola, semihípoxa en lugares areosos ou dunas.

Este material xa foi citado por RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ *et* CASTRO (2002).

Gymnopilus hybridus (Bull.: Fr.) Singer, *Treb. Mus. Ci. Nat. Barcelona* 15, *Sèr. Bot.*, 2: 96. 1933

Samil, 7-X-1994, *J. Rodríguez* e *S. Padín*, LOU-Fungi 7915; *ibidem*, 15-XI-1994, *J. Rodríguez* e *S. Padín*, LOU-Fungi 7754.

Especie saprotrófica lignícola, colleitada sobre restos de madeira de *Pinus pinaster*.

Seguimos o criterio WATLING *et al.* (1993: 61-71) en manter como taxons separados o complexo formado por *Gymnopilus penetrans*, *G. hybridus*, *G. liquiritiae* e *G. sapineus*, a pesar das escasas diferenzas microscópicas observadas entre eles. *G. hybridus* distínguese de *G. penetrans*, basicamente pola presenza de restos anulares cortiniformes no estipe e por cor

das láminas que se mantén uniforme, mentres que en *G. penetrans* aparecen manchas dispersas de cor parda co tempo.

Gymnopilus junonius (Fr.: Fr.) P.D.Orton, *Trans. Brit. Mycol. Soc.*, 43(2): 176. 1960

Samil, 15-XI-1994, *J. Rodríguez e S. Padín*, LOU-Fungi 7726;

Especie saprotrófica lignícola, indiferente ao tipo de substrato, colleitada sobre troncos mortos e tocos de *Pinus pinaster*.

Gymnopilus liquiritiae (Pers.: Fr.) P.Karst., *Bidr. Känn. Finl. Nat. Folk*, 32: 400. 1879

Samil, 26-X-1994, *J. Rodríguez*, LOU-Fungi 7919.

Especie saprotrófica lignícola que se consideraba exclusiva de bosques de coníferas (WATLING *et al.*, 1993: 61), pero tamén foi atopada en Galicia sobre *Eucalyptus globulus* (LAGO, 2008: 169).

Cítase este taxon por primeira vez para a provincia de Pontevedra.

Gymnopilus penetrans (Fr.: Fr.) Murrill, *Mycologia*, 4(5): 254. 1912

Samil, 19-I-1996, *J. Rodríguez*, LOU-Fungi 20029

Especie saprotrófica lignícola, frecuente baixo coníferas, colleitada sobre estróbilos e restos de madeira de *Pinus pinaster*.

Gymnopilus sapineus (Fr.: Fr.) Maire, *Treb. Mus. Ci. Nat. Barcelona* 15, *Sèr. Bot.*, 2: 96. 1933

Samil, 19-XI-1994, *M. Castro*, LOU-Fungi 7725.

Especie saprotrófica lignícola frecuente baixo coníferas, colleitada sobre restos de madeira de *Pinus pinaster*. Moi similar a *Gymnopilus hybridus* e *G. penetrans*, pódese diferenciar pola superficie do píleo, suavemente fibrilosa e con presenza de escamas, con hifas de ata 20 µm de ancho (BREITENBACH *et KRÄNZLIN*, 2000).

Gyroporus ammophilus (M.L.Castro *et* L.Freire) M.L.Castro *et* L.Freire, *Persoonia*, 16(1): 123. 1995

Samil, 7-X-1994, *J. Rodríguez e S. Padín*, LOU-Fungi 7623

Especie micorrízica, exclusiva de pinares areosos do litoral.

Helvella juniperi M.Filippa *et* Baiano, *Rivista Micol.*, 42(2): 100. 1999

Illas Cíes, dunas de Figueiras, 30-I-1998, *J. Rodríguez*, LOU-Fungi 9399.

Especie saprotrófica húmicola, colleitada a miúdo preto de *Pinus pinaster*. Segundo FILIPPA et BAIANO (1999) é macroscopicamente moi próximo a *Helvella lacunosa* e crece nas dunas na franxa anterior aos pinares onde parece estar asociado a *Juniperus*.

Este material fora publicado como *H. lacunosa* (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ et al., 2004).

Helvella leucomelaena (Pers.) Nannf. in S.Lundell et Nannf., *Fungi exs. suec.*, 19-20: 21, nº 952. 1941 (1940)

Illas Cíes, dunas de Figueiras, 30-I-1999, *J. Rodríguez* e *M. Lago*, LOU-Fungi 16852.

Especie saprotrófica húmicola, desenvólvese en terreos calcáreos e areosos, pobres en humus.

Este material xa foi citado por RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ et al. (2004).

Hohenbuehelia cyphelliformis (Berk.) O.K.Mill. in Thorn, *Mycotaxon*, 25(1): 33. 1986

=*Hohenbuehelia silvana* (Sacc.) O.K.Mill. in Bon et Riva, *Familia Tricholomataceae*: 131. 1986 (1984)

Illas Cíes, dunas de Figueiras, 11-IX-1998, *J. Rodríguez*, LOU-Fungi 15473.

Especie saprotrófica lignícola, indiferente ao tipo de vexetación, mesmo pode crecer sobre talos de plantas herbáceas.

Hydnellum concrescens (Pers.) Banker, *Mem. Torrey Bot. Club*, 12: 157. 1906

Samil, 19-XI-1994, *Grupo Erva*, LOU-Fungi 7921.

Especie micorrícica de coníferas, pero tamén é común baixo anxiospermas (DANIÉLS et BLANCO, 2003).

Hydnum repandum L.: Fr., *Syst. mycol.*, 1: 400. 1821

Samil, 3-XII-1994, *J. Rodríguez* e *S. Padín*, LOU-Fungi 7756.

Especie micorrícica, común e indiferente ao tipo de vexetación.

Hygrocybe conica (Schaeff.: Fr.) P.Kumm., *Führer Pilzk.*: 111. 1871

Samil, 23-X-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 7621; *ibidem*, 15-XI-1994, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 7926; *ibidem*, 3-XII-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 7925.

Especie saprotrófica húmícola, frecuente en todo tipo de zonas herbáceas.

Hygrophoropsis aurantiaca (Wulfen: Fr.) Maire in Martin-Sans, *Empois. Champ.*: 99. 1921

Samil, 27-IX-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 7619; *ibidem*, 5-X-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 7620; *ibidem*, 26-X-1997, J. Rodríguez, LOU-Fungi 9302.

Especie saprotrófica húmícola, máis raramente lignícola, indiferente ao tipo de vexetación.

Hypholoma fasciculare (Huds.: Fr.) P.Kumm., *Führer Pilzk.*: 72. 1871

Samil, 14-I-1984, L. Suárez, LOU-Fungi 1344; *ibidem*, 15-III-1994, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 6554; *ibidem*, 12-X-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 7757

Especie saprotrófica lignícola, indiferente ao tipo de substrato, colleitada sobre restos de madeira e tocos de *Pinus pinaster*.

Inocybe heimii Bon, *Doc. Mycol.*, 14(53): 11. 1984

Illas Cíes, dunas de Figueiras, 30-I-1998, J. Rodríguez, LOU-Fungi 20037.

Especie micorrícica, característica de dunas e de pinares litorais con substrato areoso e pH básico.

Laccaria fraterna (Cooke et Masee ex Sacc.) Pegler, *Austral. J. Bot.*, 13(2): 332. 1965

Samil, 26-X-1994, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 8395.

Especie micorrícica, que se desenvolve tanto baixo planifolias como coníferas, aínda que mostra unha gran afinidade por *Eucalyptus* e *Acacia* (LAGO, 2008: 216).

Lactarius aurantiacus (Pers.: Fr.) Gray, *Nat. Arr. Brit. Pl.*, 1: 624. 1821

Samil, 28-I-1984, M. Castro, LOU-Fungi 4766.

Especie micorrícica de coníferas.

Lactarius deliciosus (L.: Fr.) Gray, *Nat. Arr. Brit. Pl.*, 1: 624. 1821

Samil, 14-I-1984, L. Suárez, L. Freire e M. Castro, LOU-Fungi 3289; *ibidem*, 29-IX-1994, S. Padín e J. Rodríguez, LOU-Fungi 7910; *ibidem*, 5-X-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 7907; *ibidem*, 12-X-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 7931; *ibidem*, 15-XI-1994, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 7928; *ibidem*, 3-XII-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 7927; *ibidem*, 26-X-1997, J. Rodríguez, LOU-Fungi 20104

Especie micorrízica exclusiva de coníferas, colleitada baixo *Pinus pinaster*.

Lactarius sanguifluus (Paulet) Fr., *Epicr. syst. mycol.*: 341. 1838

Samil, 3-XII-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 7762.

Especie micorrízica exclusiva de bosque de coníferas, en chans de pH básico.

Lepiota cristata (Bolton: Fr.) P.Kumm., *Führer Pilzk.*: 137. 1871

Samil, 12-X-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 15469; *ibidem*, 16-X-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 15470; *ibidem*, 15-XI-1994, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 15468.

Especie saprotrófica húmicola, frecuente en medios alterados pola acción humana, tamén de bosques.

Lepiota subincarnata J.E.Lange, *Fl. Agar. Dan.*, 5: V. 1940

Samil, 12-X-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 15467.

Especie saprotrófica húmicola, prefire zonas herbáceas, aínda que pode atoparse en bosques.

Lepista sordida (Schumach.: Fr.) Singer, *Lilloa*, 22: 193. 1951 (1949)

Illas Cíes, praia de Rodas, 30-I-1999, J. Rodríguez e M. Lago, LOU-Fungi 16840; *ibidem*, 7-XII-2009, J. Rodríguez e J.B. Blanco-Dios, LOU-Fungi 20112.

Especie saprotrófica húmicola, indiferente ao tipo de vexetación. Curiosamente algúns exemplares foron colleitados sobre tocos de *Pinus pinaster*.

Leucocoprinus cepistipes (Sowerby: Fr.) Pat., *J. Bot. (Morot)*, 3: 336. 1889

Samil, 23-X-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 15471.

Especie saprotrófica húmicola ou lignícola.

Lycoperdon pratense Pers.: Pers., *Syn. meth. fung.*: 142. 1801
Samil, 19-XI-1994, M. Castro, LOU-Fungi 7731.

Especie saprotrófica húmicola, indiferente ao tipo de vexetación, aínda que prefere zonas herbáceas.

A cita de RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ *et* CASTRO (2001) corresponde a este material.

Mycena seynii Quél., *Bull. Soc. Bot. France*, 23: 351. 1876

Illas Cíes, dunas de Figueiras, 11-IX-1998, J. Rodríguez, LOU-Fungi 20078; Samil, 11-IX-1994, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 7967; *ibidem*, 12-X-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 7968; *ibidem*, 15-XI-1994, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 7969; *ibidem*, 26-X-1997, J. Rodríguez, LOU-Fungi 20077.

Especie saprotrófica lignícola, sobre estróbilos caídos de *Pinus pinaster*.

Mycetinis scorodonius (Fr.: Fr.) A.W.Wilson *et* Desjardin, *Mycologia*, 97(3): 678. 2005

Samil, 16-X-1994, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 7962.

Especie saprotrófica lignícola, colleitada sobre restos de cortiza e madeira de *Pinus pinaster*.

Paralepista flaccida (Sowerby) Vizzini *in* Vizzini *et* Ercole, *Mycotaxon*, 120: 262. 2012

=*Lepista gilva* (Pers.: Fr.) Roze *in* Richon *et* Roze, *Atlas champ.*, 1888
=*Lepista inversa* (Scop.) Pat., *Hyménomyc. Eur.*: 96. 1887

Samil, 16-X-1994, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 7935; *ibidem*, 19-XI-1994, M. Castro, LOU-Fungi 7938.

Especie saprotrófica húmicola, indiferente ao tipo de vexetación. Segundo BON (1988), a gran variabilidade nas tonalidades da cor do píleo permitiría diferenciar *Lepista inversa*, con tonalidades pardas, de *Lepista gilva*, ocre amarelas; con todo, coincidimos con outros investigadores como KRIEGLSTEINER (1984) que opinan que ditas variacións de cor son debidas a factores estacionais, onde un descenso de temperatura provocaría un escurecemento dos exemplares.

Parasola galericuliformis (Losa *ex* Watling) Redhead, Vilgalys *et* Hopple *in* Redhead, Vilgalys, Moncalvo, Jacq.Johnson *et* Hopple, *Taxon*, 50(1): 235. 2001

Samil, 3-XII-1994, *J. Rodríguez*, LOU-Fungi 7893.

Especie saprotrófica húmícolá, colleitada baixo *Pinus pinaster*.

Trátase dunha primeira cita para Pontevedra. En Galicia, tan só coñécese da Coruña (LOSA, 1943).

Phaeolus schweinitzii (Fr.) Pat., *Essai tax. Hyménomyc.*: 86. 1900

Illas Cíes, dunas de Figueiras, 30-I-1999, *J. Rodríguez* e *M. Lago*, LOU-Fungi 15522; Samil, 5-III-1994, *J. Rodríguez*, LOU-Fungi 6505; *ibidem*, 15-III-1994, *S. Padín* e *J. Rodríguez*, LOU-Fungi 6501; *ibidem*, 14-IV-1994, *J. Rodríguez*, LOU-Fungi 6502; *ibidem*, 17-IX-1994, *J. Rodríguez*, LOU-Fungi 7174; *ibidem*, 5-X-1994, *J. Rodríguez*, LOU-Fungi 7617; *ibidem*, 3-XII-1994, *J. Rodríguez*, LOU-Fungi 7765; *ibidem*, 16-X-1997, *J. Rodríguez*, LOU-Fungi 9220.

Especie saprotrófica lignícolá e fitoparásita necrotrófica, frecuente baixo coníferas; pero presente tamén sobre anxiospermas (LAGO, 2008: 270), colleitada sobre tocos, troncos e raíces de *Pinus pinaster*.

Phellodon niger (Fr.: Fr.) P.Karst., *Rev. Mycol. (Toulouse)*, 3(9): 19. 1881

Samil, 19-XI-1994, *J. Rodríguez*, LOU-Fungi 7727; *ibidem*, 3-XII-1994, *J. Rodríguez* e *S. Padín*, LOU-Fungi 7978.

Especie micorrícica, indiferente ao tipo de vexetación.

Pholiota spumosa (Fr.: Fr.) Singer, *Lilloa*, 22: 517. 1951 (1949)

Samil, 15-XI-1994, *S. Padín* e *J. Rodríguez*, LOU-Fungi 7984.

Especie saprotrófica lignícolá e húmícolá, indiferente ao tipo de vexetación.

Pisolithus arhizus (Scop.: Pers.) Rauschert, *Z. Pilzk.*, 25(2): 51. 1959

Samil, 5-X-1994, *J. Rodríguez*, LOU-Fungi 7613; *ibidem*, 26-X-1997, *J. Rodríguez*, LOU-Fungi 9222.

Especie micorrícica, indiferente ao tipo de vexetación, aínda que prefire plantacións de coníferas.

Pluteus atromarginatus (Singer) Kühner, *Bull. Mens. Soc. Linn. Soc. Bot. Lyon*, 4(1): 51. 1935

Samil, 14-I-1984, *L. Suárez*, *L. Freire* e *M. Castro*, LOU-Fungi 2706;

ibidem, 15-XI-1994, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 7728; *ibidem*, 19-I-1996, J. Rodríguez, LOU-Fungi 15509.

Especie saprotrófica lignícola, en madeira de coníferas, preferiblemente *Pinus* (JUSTO, 2006), recolectada sobre tocos de *Pinus pinaster*.

Pluteus pouzarianus Singer, *Sydowia*, 36: 283. 1984 (1983)

Samil, 26-XII-1995, J. Rodríguez, LOU-Fungi 15511.

Especie saprotrófica lignícola, preferiblemente sobre madeira de coníferas (JUSTO *et al.*, 2014).

Porodaedalea pini (Brot.: Fr.) Murrill, *Bull. Torrey Bot. Club*, 32(7): 367. 1905

Illas Cíes, dunas de Figueiras, 30-I-1999, J. Rodríguez e M. Lago, LOU-Fungi 15523; Samil, 14-IV-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 7078; *ibidem*, 12-V-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 7079; *ibidem*, 11-IX-1994, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 7109; *ibidem*, 29-IX-1994, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 7774; *ibidem*, 3-XII-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 7775.

Especie fitoparásita necrotrófica de coníferas, colleitada sobre tronco de *Pinus pinaster*.

Psathyrella candolleana (Fr.: Fr.) Maire, *Bull. Trimestriel Soc. Mycol. France*, 29: 185. 1913

Samil, 5-X-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 7992; *ibidem*, 16-X-1994, S. Padín e J. Rodríguez, LOU-Fungi 7993

Especie saprotrófica húmicola, folícola e lignícola, indiferente ao tipo de vexetación (KITS VAN WAVEREN, 1985).

Psilocybe aurantiaca (Cooke) Noordel., *Persoonia*, 16(1): 128. 1995

Samil, 15-XI-1994, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 8350.

Especie húmicola e saprotrófica lignícola, indiferente ao tipo de vexetación, aínda necesita zonas ricas en humus, quizais por eso considérase frecuente en parques e xardíns como indica NOORDELOOS *in* BAS *et al.* (1999).

Rhizina undulata Fr., *Observ. mycol.*, 1: 161. 1815

Samil, 24-V-1994, S. Padín e J. Rodríguez, LOU-Fungi 7094; *ibidem*, 5-X-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 7612.

Especie saprotrófica, húmícolá e carbófila, xeralmente desenvólvese baixo coníferas nos chans de pH básico (MORENO *et al.*, 1986).

O material LOU-Fungi 7612 xa foi citado anteriormente por RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ *et al.* (2004).

Rhizopogon luteolus Fr. *et Nordholm, Symb. Gasteromyc.*, 1: 5. 1817

Samil, 8-IX-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 8175; *ibidem*, 28-IX-1994, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 8176.

Especie micorrícica, exclusiva de coníferas.

Rickenella fibula (Bull.: Fr.) Raithelth., *Metrodiana*, 4: 67. 1973

Samil, 7-X-1994, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 7995; *ibidem*, 15-XI-1994, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 7994; *ibidem*, 3-XII-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 7996; *ibidem*, 26-X-1997, J. Rodríguez, LOU-Fungi 9223.

Especie muscícolá saprotrófica, colleitada entre musgos, ou directamente sobre eles.

Russula multicolor J.Blum ex Bon, *Cryptog. Mycol.*, 7(4): 304. 1986

Samil, 28-I-1984, L. Suárez, LOU-Fungi 2853.

Especie micorrícica, baixo coníferas.

Russula rhodopus Zvára in Melzer *et Zvára, Arch. Přír. Výzk. Čech.*, 17(4): 108. 1927

Samil, 19-XI-1994, L. Freire e M. Castro, LOU-Fungi 7855.

Especie micorrícica de coníferas, segundo ROMAGNESI (1967: 456) prefire bosques de *Picea*.

Russula risigallina (Batsch) Sacc., *Fl. Ital. Crypt.*: 430. 1915

=*Russula vitellina* (Pers.) Gray, *Nat. Arr. Brit. Pl.* 1: 618. 1821

Samil, 17-IX-1994, M. Castro e L. Freire, LOU-Fungi 7228.

Especie micorrícica de caducifolios, aínda que segundo SARNARI (2005) tamén baixo coníferas.

Russula sardonía Fr., *Epicr. syst. mycol.*: 353. 1838

=*Russula drimeia* Cooke, *Grevillea*, 10(54): 46. 1881

Samil, 14-I-1984, L. Suárez, M. Castro e L. Freire, LOU-Fungi 2816.

Especie micorrícica, exclusiva de coníferas.

Russula torulosa Bres., *Iconogr. Mycol. (Milan)*, 9: 433. 1929

Samil, 28-I-1984, L. Suárez, LOU-Fungi 3143.

Especie micorrícica, exclusiva de coníferas.

Schizophyllum commune Fr., *Syst. mycol.*, 1: 330. 1821

Illas Cíes, dunas de Figueiras, 30-I-1998, J. Rodríguez, LOU-Fungi 9400; *ibidem*, 11-IX-1998, J. Rodríguez, LOU-Fungi 15476; *ibidem*, 30-I-1999, J. Rodríguez, LOU-Fungi 15521.

Especie saprotrófica lignícola o fitonecrotrofica, indiferente ao tipo de sustrato, colleitada sobre tocos de *Pinus pinaster*.

Scleroderma bovista Fr., *Syst. mycol.*, 3(1): 48. 1829

Samil, 29-IX-1994, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 7998; *ibidem*, 12-X-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 8000; *ibidem*, 16-X-1994, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 7999; *ibidem*, 24-XI-1994, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 8001.

Especie micorrícica, indiferente ao tipo de vexetación, desenvolve en terreos areosos e calcáreos (BREITENBACH et KRÄNZLIN, 1986).

Scleroderma polyrhizum J.F.Gmel.: Pers., *Syn. meth. fung.*, 1: 156. 1801

Illas Cíes, dunas de Figueiras, 30-I-1998, J. Rodríguez, LOU-Fungi 20059; Samil, 5-X-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 7768; *ibidem*, 26-X-1997, J. Rodríguez, LOU-Fungi 20058

Especie micorrícica, termófila (MORENO et al., 1986), colleitada xeralmente na marxe dos camiños.

Sparassis crispa Wulfen: Fr., *Syst. mycol.*, 1: 465. 1821

Samil, 29-IX-1994, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 7610; *ibidem*, 15-XI-1994, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 7729.

Especie saprotrófica lignícola, frecuente baixo coníferas, colleitada sobre tocos de *Pinus pinaster*.

Stereum hirsutum (Willd.) Pers., *Observ. mycol.* 2: 90. 1800 (1799)

Illas Cíes, dunas de Figueiras, 11-IX-1998, J. Rodríguez, LOU-Fungi 20063.

Especie saprotrófica lignícola e fitoparásita necrotrófica, preferiblemente de anxiospermas (TELLERÍA, 1990), colleitada sobre ramas, madeira e troncos mortos de *Pinus pinaster*.

Suillus bellini (Inzenga) Watling, *Notes Roy. Bot. Gard. Edinburgh*, 28: 58. 1968

Samil, 29-IX-1994, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 7608

Especie micorrícica, exclusiva de coníferas.

Suillus bovinus (Fr.) Roussel, *Fl. Calvados*: 34. 1806

Samil, 14-I-1984, L. Freire, L. Suárez e M. Castro, LOU-Fungi 1119; *ibidem*, 5-III-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 5866; *ibidem*, 15-III-1994, S. Padín e J. Rodríguez, LOU-Fungi 5867; *ibidem*, 16-X-1994, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 8681; *ibidem*, 15-XI-1994, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 7730; *ibidem*, 19-I-1996, J. Rodríguez, LOU-Fungi 8909

Especie micorrícica, exclusiva de coníferas.

Suillus collinitus (Fr.) Kuntze, *Revis. Gen. Pl.*, 3(2): 535. 1898

Samil, 17-IX-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 8008; *ibidem*, 27-IX-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 8007.

Especie micorrícica, exclusiva de coníferas, en zonas con pH básico.

Suillus luteus (Fr.) Roussel, *Fl. Calvados*: 34. 1806

Samil, 29-IX-1994, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 8683; *ibidem*, 5-X-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 8684; *ibidem*, 3-XII-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 7772; *ibidem*, 26-X-1997, J. Rodríguez, LOU-Fungi 9227.

Especie micorrícica, exclusiva de coníferas.

Trichaptum abietinum (Dicks.: Fr.) Ryvar den, *Norweg. J. Bot.*, 19: 237. 1972

Samil, 14-IV-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 5819.

Especie micoparástica necrotrófica, case exclusiva de coníferas, colleitada sobre tocos de *Pinus pinaster*.

Tricholoma equestre (L.: Fr.) P.Kumm., *Führer Pilzk.*: 130. 1871

= *Tricholoma auratum* (Paulet) Gillet, *Hyménomycètes*: 92. 1874

Samil, 14-I-1984, L. Suárez, L. Freire e M. Castro, LOU-Fungi 2404;

ibidem, 27-IX-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 8392; *ibidem*, 5-X-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 8013; *ibidem*, 16-X-1994, S. Padín e J. Rodríguez, LOU-Fungi 8014; *ibidem*, 26-X-1997, J. Rodríguez, LOU-Fungi 20046; *ibidem*, 4-XI-2001, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 20035.

Especie micorrízica, exclusiva de coníferas.

Tricholoma terreum (Schaeff.: Fr.) P.Kumm., *Führer Pilzk.*: 134. 1871

Samil, 7-X-1994, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 8390; *ibidem*, 16-X-1994, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 8391.

Especie micorrízica, indiferente ao tipo de vexetación, pero prefere terreos con pH básico.

Tubaria furfuracea (Pers.: Fr.) Gillet, *Hyménomycètes*: 538. 1876

Samil, 5-III-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 8181; *ibidem*, 19-XI-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 8182; *ibidem*, 3-XII-1994, J. Rodríguez, LOU-Fungi 8183.

Especie saprotrófica húmícol, colleitada entre restos herbáceos.

Tulostoma brumale Pers.: Pers., *Syn. meth. fung.*, 1: 139. 1801

Illas Cíes, dunas de Figueiras, 30-I-1999, J. Rodríguez, LOU-Fungi 16692; Illas Cíes, praia de Rodas, 7-XII-2009, J. Rodríguez e J.B. Blanco-Díaz, LOU-Fungi 16974.

Especie saprotrófica muscícol, que se desenvolve nas dunas litorais, sempre próxima a musgos do xénero *Tortula*.

Xylaria hippotrichoides (Sowerby) Sacc., *Syll. fung.*, 1: 344. 1882

Samil, 15-III-1994, J. Rodríguez e S. Padín, LOU-Fungi 6532.

Especie coprófila saprotrófica, colleitada sobre excrementos de can.

Trátase dunha especie moi pouco frecuente en Galicia, atopouse unha única vez na Coruña (LOSA *et* FREIRE, 1980) e a cita de Pontevedra (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ *et* CASTRO, 2002) corresponde a este material.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BAS, C., KUYPER, TH.W., NOORDELOOS, M.E. et VELLINGA, E.C. (eds.). 1999. *Flora Agaricina Neerlandica. Critical monographs on families of agarics and boleti occurring in the Netherlands. Vol. 4*. Rotterdam. Ed. A.A. Balkema.
- BLANCO-DIOS, J.B. 2010. *Agaricales* de las dunas de Galicia (II): *Campanella caesia* Romagn. *Tarrelos*, 12: 25-29.
- BLANCO-DIOS, J.B. 2015. *Agaricales* of the dunes of Galicia (IV): *Marasmiellus ciesanus* (*Omphalotaceae*), a new species found in the National Maritime-Terrestrial Park of the Atlantic Islands of Galicia (Spain). *Mycosphere*, 6(5): 585-592.
- BLANCO-DIOS, J.B. 2016. Catálogo actualizado de los macromicetes presentes en el Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (II). Nuevas aportaciones para los archipiélagos de Cíes y Sálvora. *Revista Catalana Micol.*, 37: 37-60.
- BREITENBACH, J. et KRÄNZLIN, F. 1986. *Champignons de Suisse. Tome 2. Champignons sans lames. Hétérobasidiomycètes, Aphyllophorales, Gastéromycètes*. Mykologia. Lucerne.
- BREITENBACH, J. et KRÄNZLIN, F. 2000. *Champignons de Suisse. Tome 5. Champignons à lames, 3ème partie. Cortinariaceae*. Mykologia. Lucerne.
- CAPPELLI, A. 1984. *Agaricus L.: Fr. ss. Karsten (Psalliota Fr.). Fungi Europaei 1*. Saronno. Libreria Editrice Giovanna Biella.
- CASTRO, M.L., JUSTO, A., LAGO, M. et RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, J. 2002. El género *Agaricus* en el N.W. Ibérico: revisión y aportaciones. In: Robich, G. (coord.). *Atti delle X giornate micologiche della Confederazione Europea di Micologia Mediterranea*: 27-34. Trento. A.M.B.
- CENZI, R.M. et SENA, F. (eds.) 2010. *Elementi chimici nei funghi superiori. I funghi di riferimento come strumento di lavoro per la bioindicazione e la biodiversità*. JCR-IES. European Union.
- DANIÉLS, P.P. et BLANCO, M.N. 2003. Contribution to the study of the hydroid stipitated fungi from the iberian peninsula and balearic islands. *Bol. Soc. Micol. Madrid*, 27: 203-218.
- FILIPPA, M et BAIANO, G. 1999. *Helvella juniperi* sp. nov. - nuova specie raccolta sul litorale Tirrenico. *Rivista Micol.*, 42(2): 99-118.
- INDEX FUNGORUM, 2020. Nomenclatural database Index Fungorum Partnership (en liña) in [http:// www.indexfungorum.org/names/names.asp](http://www.indexfungorum.org/names/names.asp). [Consulta: 25/10/2020].
- JUSTO, A. 2006. *Familia Pluteaceae en la Península Ibérica e Islas Baleares*. Universidade de Vigo. [Tesis de Doctorado, inédita]
- JUSTO, A., MALYSHEVA, E., BULYONKOVA, T., VELLINGA, E.C., COBIAN, G., NGUYEN, N., MINNIS, A.M. et HIBBETT, D.S. 2014. Molecular phylogeny and phylogeography of Holarctic species of *Pluteus* section *Pluteus*

- (*Agaricales: Pluteaceae*), with description of twelve new species. *Phytotaxa* 180(1): 1-85.
- KITS VAN WAVEREN, E. 1985. The dutch, french and british species of *Psathyrella*. *Persoonia suppl.* 2.
- KRIEGLSTEINER, G.J. 1984. Verbreitung und Ökologie 250 ausgewählter Blätterpilze in der BRD. (Mitteleuropa). *Beih. Z. Mykol.*, 5: 1-302.
- LAGO ÁLVAREZ, M. 2008. Micoflora (*Basidiomycota*) de los eucaliptales del NO de la Península Ibérica. *Guineana*, 14: 1-502.
- LOSA ESPAÑA, T.M. 1943. Datos para el estudio de la Flora Micológica gallega. *Anales Inst. Bot. Cavanilles*, 3: 134-257. [1942]
- LOSA QUINTANA, J.M. et FREIRE, L. 1980. Estudio de algunas especies de Ascomicetes macroscópicos de la flora española. *Acta Bot. Malac.*, 6: 53-56.
- MORENO G., GARCÍA MANJÓN, J. L. et ZUGAZA, A. 1986. *Guía de los hongos de la Península Ibérica*. 2 vols. Madrid. Incafo.
- PARRA SÁNCHEZ, L.A. 2013. *Agaricus L. Allopsalliota Nauta & Bas (Part II). Fungi Europaei*. Alassio. Candusso Edizioni.
- PARRA, L.A. 2003. Bases corológicas de Flora Micológica Ibérica. Números 2070-2123. *Cuad. Trab. Flora Micol. Ibér.*, 19: 19-104.
- RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, J. 2015. *Micoflora y micetación (Ascomycotina, Basidiomycotina) de los ecosistemas dunares de Galicia*. Universidade de Vigo. [Tesis de Doctorado, inédita]
- RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, J. et CASTRO, M.L. 2001. Fragmenta chorologica occidentalia, Fungi, 7700-7277. *Anales Jard. Bot. Madrid*, 59(1): 139-141.
- RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ et CASTRO, M.L. 2002. Fragmenta chorologica occidentalia, Fungi, 7937-7977. *Anales Jard. Bot. Madrid*, 59(2): 300-302. [2001]
- RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, J. et CASTRO, M.L. 2018-20. MICOGA. Base de datos de información corológica da micobiota galega [en liña]. Disponible en <https://www.mykes.es/busquedas> [Consulta 25/10/2020]
- RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, J. et LAGO-ÁLVAREZ, M. 2008. Catálogo actualizado dos macromicetos presentes no Parque Nacional das Illas Atlánticas (I). Precedentes bibliográficos. *Mykes*, 11: 83-96.
- RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, J., SOLIÑO, A. et CASTRO, M.L. 2004. Flora micológica das dunas litorais galegas: *Ascomycota* (I). *Mykes*, 7: 29-35.
- ROMAGNESI, H. 1967. *Les Russules d'Europe & d'Afrique du Nord*. Paris. Bordas.
- RUBIO ROLDÁN, L.A. et RUBIO CASAS, L. 2012. *Agaricus devoniensis* P.D. Orton In: Societat Catalana de Micologia (ed.), *Bolets de Catalunya de la Península Ibèrica i de les Illes Balears, XXXI Col·lecció. Bolets de Catalunya*.
- SARNARI, M. 2005. *Monografia illustrata del genere Russula in Europa*.

- Tomo 2.* Trento. Associazione Micologica Bresadola. Fondazione Centro Studi Micologici.
- SINGER, R. 1986. *The Agaricales in Modern Taxonomy*. Koenigstein. Koeltz Scientific Books.
- TELLERÍA, M.T. 1980. Contribución al estudio de los *Aphylophorales* españoles. *Biblioth. Mycol.* 74.
- TELLERÍA, M.T. 1990. Annotated list of the *Corticaceae*, sensu lato (*Aphylophorales*, *Basidiomycotina*) for Peninsular Spain and Balearic Islands. *Biblioth. Mycol.* 135.
- WATLING, R., GREGORY, N.M. et ORTON, P.D. 1993. *British fungus flora agarics and boleti, 7. Cortinariaceae p.p.: Galerina, Gymnopilus, Leucocortinarius, Phaeocollybia, Phaeogalera, Phaeolepiota, Phaeomarasmius, Pleuroflammula, Rozites & Stagnicola*. Edinburgh. Royal Botanic Garden.